

PROCEDIMENTO XERAL PARA O PRACTICUM

1. RECOMENDACIÓNS PREVIAS

Para a realización do Practicum, recomendase se teñan cursadas as seguintes materias:

- ✓ Servizos sociais especializados.
- ✓ Trabalo social con individuos e familias.
- ✓ Soporte documentais e xestión da información en Traballo Social.
- ✓ Deseño e avaliación de proxectos de intervención social.
- ✓ Medidas de protección social.
- ✓ Xestión e planificación en servizos sociais.
- ✓ Xestión de organización.

2. INCOMPATIBILIDADES

Para matricularse no Practicum é requisito indispensable ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios, entre eles todos os da primeira metade da titulación (1º e 2º curso).

3. PROCEDIMENTO PREVIO AO INICIO DAS PRÁCTICAS

Realizaranse reunións co estudantado de 3º curso que ten intención de realizar as prácticas no curso seguinte. As fases deste procedemento son:

- ✓ Unha primeira reunión con todo o estudantado de terceiro curso, que se realizará no primeiro cuadrimestre, na que se informa e explica o procedemento e xestión das prácticas e recóllense as preferencias sobre os campos de prácticas do estudantado.
- ✓ Ao inicio do segundo cuadrimestre, fanse reunións con grupos de estudantes en función das provincias/lugares de residencia coa finalidade de poñer no seu coñecemento os centros de prácticas que poden responder as súas expectativas no entorno e campos indicados anteriormente, responder a dúbidas ou consultas e, coa experiencia previa, indicarlles a viabilidade ou posibilidade de conseguir oferta ou non nos centros do seu interese.

Datas de referencia:

Con carácter xeral, publicarase:

- ✓ Convocatoria e oferta para realización de prácticas no 1º cuadrimestre (para estudantado que reúna condicións) no mes de xuño.
- ✓ Convocatoria e oferta para realización de prácticas no 2º cuadrimestre no mes de xullo.

4. ASIGNACIÓN DOS CENTROS DE PRÁCTICAS

A asignación de centro de prácticas correspóndelle á Comisión de Título do Grao en Traballo Social, e efectuarase en virtude da puntuación obtida nos seguintes criterios:

- ✓ Nota media simple do expediente académico.
- ✓ 1 punto por ter superado optativa vinculada ao campo de prácticas, se procede.
- ✓ 10 puntos por residir no mesmo municipio que o centro de prácticas indicado.

O/a estudante seleccionará un máximo de 2 centros de prácticas por orde de preferencia. Tendo en conta o baremo indicado, a puntuación obtida por un/ha estudante en cada unha das prazas solicitadas, varía en función de si se ten cursada vinculada optativa ou non e o lugar de residencia do/a estudante en relación á ubicación de cada centro.